



Divulgare sigue sumando premios polos seus vídeos divulgativos

martes, 02 julio 2013, 15:43, por [Universidade de Vigo](#)

Duvi | Vigo Suma e segue. O equipo de Divulgare (<http://www.divulgare.net/>) vén de recibir outro premio, desta volta, polo seu vídeo sobre a Ecoloxía e evolución de polimorfismos florais (<https://vimeo.com/58359324#at=0>). O Festival Ciencia en Acción concedeu a Mención de Honra na modalidade de curtas científicas a esta peza na que se afonda no coñecemento do polimorfismo floral coñecido co nome de heterostilia, “un fascinante mecanismo reprodutivo que contribuíu a que Darwin formulara posteriormente a súa teoría da selección natural”, segundo explican os seus autores, Luis Navarro, Iván Rodríguez, Sabela Sampedro e JM Sánchez da Universidade de Vigo. Esta certame é un dos pioneiros neste tipo de iniciativas en España, organizado polo Consejo Superior de Investigacións Científicas, o Instituto de Ciencias Matemáticas, a Real Sociedad Española de Física, a Sociedad Geológica de España e la Universidad Nacional de Educación a Distancia. O obxectivo de Divulgare, do que forman parte membros do grupo de Investigación de Ecoloxía e Evolución de Plantas, é achegar a ciencia e o coñecemento a todos os públicos, facer visible o traballo que se realizan nos centros de investigación universitarios neste eidos. E fano unindo ciencia e tecnoloxía, xa que os vídeos e animacións son os vehículos que empregan para transferir coñecementos dun xeito accesible e rigoroso. Multitude de premios respaldan os seus esforzos, entre eles o premio da revista The Scientist por un vídeo sobre os lagartos das illas Cíes; o primeiro premio no concurso ‘On zientzia’ do programa Teknopolis por outra peza sobre as noctilucas, unha mención de horna

nos Premios Prisma á Divulgación por este mesmo vídeo ou o trofeo Eugenio Tutor ao mellor traballo producido por unha universidade ou centro de investigación no Certame Unicaja de Cine, Bienal Internacional de Cine Científico Responder a preguntas xa formuladas por Darwin Esta peza, de algo máis de sete minutos de duración, céntrase na heterostilia, un poliformismo xenético no que unha mesma especie de planta presenta flores de diferente morfoloxía. Os investigadores vigueses tratan de responder nesta peza a preguntas como para que serve, como se orixina ou como se pode estudar, xa que as vantaxes deste sistema de reprodución, así como a súa orixe son temas de controversia científica. No vídeo tamén se presentan as achegas que ten feito neste tópico o Grupo de Ecoloxía e Evolución da Universidade de Vigo.

Otras notas de esta fonte

[O macroestudo do poder local en Ourense ...](#)
[Imaxes que dan o relevo](#)
[112 futuros científicos con atracción polas...](#)
[Unha escola de verán coa que recoñecer a...](#)
[Repasando a historia da educación, desde...](#)

Notas de prensa relacionadas

[O grupo Divulgare tenta dar resposta a pre...](#)
[Queres coñecer como 'traballan' abellas e ...](#)
[16 premios para confirmar que a ciencia ta...](#)
[O futuro dos océanos depende da educaci...](#)
[O proxecto Biocaps comeza a súa andaina](#)

[Ayuda](#)

[Condiciones de uso](#)

[Contacto](#)

[Twitter](#)

[Facebook](#)

[Blog](#)